

CHALECO SALVAVIDAS

suma pasos para gañar vidas, a túa vida.



MOTIVOS PARA UTILIZAR O CHALECO



Por que utilizar o chaleco salvavidas?

Porque en caso de caída accidental ao mar:

- Mantente na auga con maior seguridade, particularmente se non podes nadar, estás exhausto, ferido ou incapacitado doutra forma
- No caso de chalecos autoinchables, funcionan sen ningunha intervención polo túa parte, excepto vestilo inicialmente
- Permite que te despraces ti mesmo, na auga, sen estar incómodo
- Axúdote a concentrar os teus esforzos en salvarte máis que en manterte a flote
- Axuda ao teu rescate
- En caso de que caías á auga e o chaleco dispoña dela, a radiobaliza persoal de localización facilitará a busca e o teu rescate



USO DE CHALECO AXEITADO



Utiliza un chaleco cunha flotabilidade axeitada para a situación de risco

- 100 N: En augas calmas e protexidas
- 150 N: En alta mar levando roupa contra o mal tempo
- 275 N: En alta mar en condicións extremas e levando roupa de protección pesada



UTILIZACIÓN DO CHALECO EN CUBERTA



Mantén o chaleco posto mentres traballas na cuberta

- Recorda que en caso de caer á auga o chaleco é capaz de inverter a túa postura, colocarte en posición estable e manter as túas vías respiratorias fóra da auga
- Comproba que o chaleco está equipado con dispositivos de sinalización, materiais retrorreflectantes, luz de escintileos, silbato, etc), sobre todo se se prevén traballos nocturnos



ALMACENAMENTO DOS CHALECOS

Almacena sempre os chalecos nun lugar seco

- É conveniente secar ao aire os chalecos húmidos ou mollados, antes de almacenalos
- Os chalecos nunca se deben secar aproximándoos a fontes de calor



MANTEMENTO DOS CHALECOS

Realiza un control periódico dos chalecos seguindo as instrucións do fabricante

Antes de cada uso, recorda:

- Asegúrate sistematicamente do bo estado xeral do chaleco
- En caso dos chalecos inchables, verifica que o cartucho de gas comprimido está cheo e ben colocado, que o percutor está armado e que a válvula do tubo de inflado oral está bloqueada

Despois de cada uso, enxauga o chaleco con auga doce, limpa e fría



CHALECO SALVAVIDAS

suma pasos para gañar vidas, a túa vida.

COLOCACIÓN DO CHALECO

- 1** Coa fibela desenganchada, as correas frouxas e o chaleco de fronte, introduce un dos brazos pola manga do chaleco



- 2** A continuación, pasa o outro brazo e viste o chaleco como se fose unha chaqueta



- 3** Encaixa ambas as dúas fibelas ou broches



- 4** Cingue a correa, axustando o chaleco ao corpo



- 5** Non vistas ningunha peza de roupa por enriba do chaleco de traballo, nin sequera a chaqueta de augas

